

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1363).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1364).- PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2017. EXPTE. 132211/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/12/16, e o informe de fiscalización do 23/12/16, dáse conta do informe-proposta do 16/12/16, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social,

a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Concelleira delegada da Área de Política Social, mediante Resolución de data 07.12.2016 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2017», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Lémbrese, ademais, que este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. O Programa desenvólvese no marco xurídico definido pola normativa estatal (L.38/2003, RD.887/2006) e autonómica (L.9/2007) de subvencións públicas e polas Bases de execución do orzamento xeral municipal. Consta dun total de trece Bases, nas que se regulan polo miúdo os obxectivos, requisitos, obrigas dos beneficiarios, o procedemento de valoración e concesión, a contía das axudas, a forma de aboalas e xustificalas, o crédito dispoñible, etc.

V. O contido deste Programa para 2017 é practicamente idéntico ó do exercicio de 2016, introducíndose unicamente pequenas melloras de redacción e de actualización da normativa aplicable.

VI. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (842.000 €) e tamen no funcional 2310 de Benestar Social cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000 €), con cargo á que se viñan concedendo axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

VII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2017», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 132211/301).

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 842.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2017 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade.

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2017»

BASES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2017, no marco xurídico definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

Durante o exercicio de 2016 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 665.642,75 €, co seguinte detalle (datos a 30.11.2016):

IMPORTE	CONCEPTOS
219.117,26 €	ALUGUER
21.129,85 €	ALOXAMENTO
270.148,86 €	ALIMENTACIÓN BÁSICA
6.524,71 €	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
6.133,70 €	GAS
57.699,60 €	LUZ

16.052,98 €	AUGA
9.094,27 €	GASTOS PERSOAIS
8.042,87 €	GASTOS DE ATENCIÓN SANITARIA
5.697,92 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE
11.741,42 €	CRÉDITOS HIPOTECARIOS
34.259,31 €	ADAPTACIÓN DE FOGARES

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

TERCEIRA.- Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante a entrega ás persoas beneficiarias do Programa de cheque bancario, tranferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

CUARTA.- Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00.

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos.

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e contías máximas.

1. Gastos subvencionables:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMEN- TOS/ MES	MÁXIMO ALU- GUER/MES	MÁXIMO ANUAL POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	150	225	2400
2	220	325	2850
3	290	350	3250
4	350	400	3550
5	400	450	3850
6 ou máis	450	475	4150

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo, a técnica responsable do programa de prestacións, a técnica de actividades económicas que actuará tamén como secretaria da mesma e, cando así o considere a Comisión, por traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iniciárase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, acompañada da documentación esixida en cada caso.

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso – membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

DÉCIMA.- Solicitud de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Comunicar calquera cambio de domicilio.

6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade das axudas concedidas.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38.2 pfo. 2º das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

3(1365).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO DOCENTE NO PROGRAMA DE “XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES”. EXPTE. 15315/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1/12/16, e o informe de fiscalización do 20/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 9/12/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Con data 12 de setembro de 2016, o Concelleiro Delegado de Deportes ditou orden de inicio do expediente para a contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa da necesidade da contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”.
- Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, asinado polo Coordinador Deportivo, con data 21 de setembro de 2016.

- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación con data 29 de novembro de 2016.
- Informe favorable do letrado especialista Orde Social, Civil, contenciosa e Mercantil da Asesoría Xurídica de data 01 de decembro de 2016, sobre o PCAP.

2.- Condicións definitórias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente á prestación dos servizos técnicos directamente relacionados coas necesidades para a posta en funcionamento dos programa de ximnasia para maiores.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de servizos, previsto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

O importe estimado do valor estimado do contrato determina a tramitación como un procedemento aberto.

A forma de tramitación será a ordinaria.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, os prezos que servirán como base para a execución deste contrato, determínanse en base ós seguintes aspectos:

O presente contrato será calculado en base a referencia do prezo unitario para a hora de docencia técnica (titulado superior Ldo Ciencias da Actividade Física e o Deporte) para o desenvolvemento das actividades físicas ximnasia para persoas maiores, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 35,00 €, hora sendo o importe aplicable o IVE (21%) o de 7,35 €, o cal totaliza un importe total de 42,35 €.

O importe para a totalidade do contrato estímase en 31.640,00 € sen ive, e un importe correspondente o ive (21%) de 6.644,40 € o cal totaliza un importe de 38.284,40 €. con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades

Anualidades	Importe sen ive	IVE	Importe con IVE
2017	31.640,00 €	6.644,40 €	38.284,40 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	227.99.25	CUSTO INSTALACIÓNS DEPORTES MAIORES
------	-----------	-------------------------------------

O valor estimado do contrato establécese en 69.608,00 €

O gasto proposto establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

d.- Revisión de prezos.

Tendo en conta que o prazo do contrato proposto é dun ano, enténdese que non debe contemplarse ningunha revisión para o prezo do contrato.

e.- Facturación dos servizos:

A prestación dos servizos vinculados ó presente contrato se realizará a través de facturas mensuais polo importe resultante das horas efectivas realizadas ó mes, tanto as referentes as clases executadas, como o porcentaxe de titorías executadas no mesmo período.

f.- Clasificación contratistas

O presente contrato non require a esixencia dunha clasificación previa ó atoparse nos comprendidos na categoría 26 “de servizos de esparcemento, culturais e deportivos”.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó do prezo do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

- Certificados acreditativos da execución de contratos de servizos similares ós do obxecto do contrato efectuados como mínimo nos cinco últimos anos nos que se indicarán importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nos cinco últimos anos, como máximo, acreditan ter realizado contratos similares ós do obxecto do contrato (soamente serán de referencia aqueles traballos vinculados coa actividade física en persoas maiores polo carácter específico que enmarca a realización destes servizos) cuxo importe, no seu conxunto, sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de máis dun criterio, en cumprimento do artigo 150.3 g) do TRLCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Proxecto de organización e prestación de servizos; explícase como se vai valorar ata 30 puntos,

h.2.- Avaliables mediante fórmula:
Redución do prezo unitario; ata 70 puntos.

i.- Subcontratación.

Se autoriza nos termos e cuantías previstas no artigo 227 do TRLCSP, coa limitación dun 50% sobre o total do contrato.

j.- Prazo de garantía:

Tendo en conta a especificidade dos traballos vinculados a este contrato non se considera a necesidade dun prazo de garantía.

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (sen iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 303 do T.R.L.C.S.P, o de un (1) ano, prorrogable por mutuo acordo das partes, por período de un (1) ano.

No caso de que o adxudicatario pretenda renunciar á prórroga, deberá notificarlo ao Concello de Vigo, con oito meses de antelación como mínimo, á data do seu vencemento.

En caso de non facelo en dito prazo, o Concello de Vigo poderá acordar a prórroga en calquera momento antes do seu vencemento.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Para a realización dos servizos obxecto deste contrato o adxudicatario deberá contar co persoal necesario, o cal deberá posuír a experiencia precisa para este tipo de traballos (mínima dun ano) e en todo caso ter a titulación mínima esixida da "licenciatura en ciencias da actividade física e o deporte".

n.- Modificación do contrato.

Atendendo ás peculiaridades dos requisitos vinculados o presente contrato é necesario contemplar a posibilidade do modificado do contrato en relación ós seguintes aspectos:

- a) Que polas necesidades da demanda de usuarios para o programa ou polas peculiaridades das actividades, sexa necesario a realización de mais horas das previstas inicialmente no proxecto e recollidas no PPTP.
- b) Calquera proposta de modificado non poderá superar un incremento do 20% do importe do prezo da oferta do adxudicatario.

o.- Seguro:

O Adxudicatario deberá ter un seguro de RC por un importe de cobertura mínimo de 300.000,00 €.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, asinado polo coordinador deportivo, con data 21 de setembro de 2016.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación con data 29 de novembro de 2016.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 31.640,00 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 6.644,40 € o cal totaliza un importe de 38.284,40 €. con IVE (21%), como orzamento base de licitación, co seguinte desglose do contrato por anualidades

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2017	31.640,00 €	6.644,40 €	38.284,40 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	227.99.25	CUSTO INSTALACIÓNS DEPORTES MAIORES
------	-----------	-------------------------------------

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1366).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PAVIMENTOS DEPORTIVOS ELÁSTICOS NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS E NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS. EXPTE. 15265/333. Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23/12/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de decembro de 2016, da empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por exceder o prezo formulado na súa oferta, tanto para o lote 1 “*Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas*” como para o lote 2 “*Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis*”, do orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

Segundo.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, consonte o informe asinado polos arquitectos municipais o 21 de decembro de 2016:

- Lote 1 “*Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas*”: MONDO IBÉRICA, S.A.
- Lote 2 “*Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis*”: MONDO IBÉRICA, S.A. e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “*Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas*”

	Empresas	Puntuación
1	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	84,81
2	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	29,10

- Lote 2 “*Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis*”

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	29,10

Cuarto.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. (lote 1) e CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir aos citados licitadores o aboamento de 1.251,10 euros (625,55 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1367).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA “OBRAS DE ACCESO E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA”. EXPTE. 15188/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 23/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 21/12/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333).

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 5 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado polos arquitectos municipais o 1 de decembro de 2016:

1. COPCISA, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)
3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	98,91
2	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	92,74
3	PROYCOGA, S.A.	90,35
4	REFORVIGO, S.L.	74,12

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto na cláusula 22 e no apartado 10B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas do 4,73 % do importe de adxudicación do contrato sen IVE (12.906,66 euros).

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.040,78 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado o 7 de decembro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., que presenta a documentación requirida o 19 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2016, comprobou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 11 de novembro e 1 de decembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 330.170,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 57.302,29 euros.*
- b) O prazo de garantía increméntase en 132 meses, polo que o prazo total é de 144 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1368).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 4178/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/12/16, e o informe de fiscalización do 21/12/16, dáse conta do informe-proposta do 19/12/16, do xefe de área de de Servizos Xerais, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“I.- Antecedentes.

O actual acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo na disposición adicional décima, recolle a obriga para o Concello de Vigo de contratar a subministración do vestiario de persoal acordado para cada ano. A necesidade de uso de prendas de traballo e protección para o persoal municipal de diferentes servizos do Concello de Vigo fai necesaria a contratación deste subministro de vestiario de acordo coas necesidades e características mínimas necesarias para cada uso e fin das diferentes prendas e EPIs.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 23 de novembro de 2015, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de “CONTRATACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 3494/440.”, o cal contemplaba a licitación dos seguintes lotes:

*LOTE 1: Calzado seguridade e uniformidade
LOTE 2: Roupa de traballo e prendas de protección
LOTE 3: Camisería e prendas de uniformidade
LOTE 4: Prendas de Servizos Exteriores
LOTE 5: Prendas Vermellas*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de maio de 2016, en relación o expediente para a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 3494/440”, acordou no punto segundo “Declarar desertos os lotes 2 e 3 por que as prendas ofertadas non cumpren as características esixidas no prego de prescricións técnicas.”

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de outubro de 2016, acordou a adxudicación da CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 3494/440, para os lotes “1, 4 e 5”.

“1º Adxudicar a Peycar Pontevedra, S.L. o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440) por un prezo de 40.032,20 euros, todo iso de acordo cos pregos de prescricións

técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º Adxudicar a Costa Oeste del Atlántico, S.L. os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440) por uns prezos respectivos de 23.958,70 euros e 10748 euros, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

A vista dos antecedentes descritos, e tendo en conta que do procedemento de contratación desenvolto no expediente administrativo 3494/440, foron declarados desertos os lotes 2 e 3 por non cumprir as ofertas coas características esixidas no PPTP, considerase necesario proceder a realizar un axuste na relación de elementos dos lotes que foron declarados desertos, xa que os mesmos; LOTE 2: Roupa de traballo e prendas de protección e LOTE 3: Camisería e prendas de uniformidade, considéranse moi necesarios para atender as necesidades da roupa de traballo, así como os elementos de protección a utilizar polos diversos servizos municipais.

As necesidades dos lotes 2 e 3, e despois das correspondentes consultas a través da comisión de vestiario de persoal dentro do comité do Concello de Vigo, recollese no informe de xustificación da necesidade deste expediente a contratación de dos novos lotes identificados como:

- LOTE 1: ROUPA DE TRABALLO / PRENDAS PROTECCIÓN (EPI)
- LOTE 2: UNIFORMIDADE XERAL.

Por todo o exposto e tendo en conta a orden de servizo para o inicio deste expediente, de acordo coa resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 10 de novembro de 2016, procede o inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal ano presente expediente inclúese a seguinte documentación:

1. Prego de prescricións técnicas asinado polo Xefe da Area de Servizos Xerais do 6 de decembro de 2016.
2. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado o 16 de decembro de 2016 pola xefa do Servizo de Contratación.
3. Informe favorable de data 7 de decembro de 2016 da Técnica de Prevención de Riscos Laborias sobre as condicións das Epis, recollidas no PPTP.
4. Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 9 de decembro de 2016, e dilixencia de conformidade de data 16 de decembro sobre o novo PCAP de data 16 de decembro.

II.- Condicións definitorias do contrato.

Destacan as seguintes:

1.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato

É obxecto do presente expediente a contratación por parte do Concello de Vigo do subministro de prendas de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo de diferentes servizos, que garante a máxima seguridade e funcionalidade para este persoal,

integrándose coas prendas en uso na actualidade, e convenientemente marcadas e serigrafiadas, de acordo cas prescricións técnicas definidas no PPTP e o seu anexo I, no cal se identifican as prendas, así como o número de unidades a subministrar para cada prenda ou elemento.

1.1. Xustificación da división por lotes.

Dado que no conxunto das necesidades que definen o obxecto deste contrato de vestiario, se atopan diferentes tipos de prendas ou elementos que conforman o mesmo, estas agrúpanse segundo o seu obxecto e finalidade, dividíndose o contrato por lotes, de acordo cos lotes: LOTE 1: ROUPA DE TRABALLO / PRENDAS PROTECCIÓN (EPI), LOTE 2: UNIFORMIDADE XERAL, de acordo coas características técnicas e número de unidades descritas no PPTP.

Deste xeito permítese que empresas especializadas en determinados tipos de prendas poidan presentar unha mellor oferta, calidade de prendas e prezos o que supón para o Concello de Vigo mellores condicións de contratación.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de subministros, segundo o previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta que a través deste expediente preténdese licitar o subministro de prendas de protección (EPI) e prendas de uniformidade xeral, cun valor estimado de 48.356,20 €, e de acordo o establecido no apartado 173 f) do TRLCSP, propónse a tramitación do presente expediente polo procedemento negociado. Así mesmo, en relación o establecido no artigo 177.2 do TRLCSP, non procede a existencia de publicidade, e co obxectivo de contar coa máxima concorrencia propónse, proceder a publicidade da invitación a participar no procedemento a través do Perfil do Contratista do Concello de Vigo, e tamén de forma específica, os licitadores que presentaron ofertas no expediente 3494/440.

3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, os prezos que servirán como base para a execución deste contrato, están determinados en base os prezos incluídos e xa xustificadas no anterior expediente de contratación (3494/440), os cales atópanse identificados no Anexo I do PPTP "Valoración económica dos elementos constitutivos dos lotes para o vestiario de persoal para o Concello de Vigo", os cales terán a consideración de prezos máximos.

En base a dito anexo e tendo en conta as unidades necesarias para a composición dos diversos lotes, o orzamento básico de licitación que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto deste contrato, e de acordo cos prezos xerais do mercado, o orzamento base de licitación ten un importe máximo de 48.356,20 € euros, sendo o importe correspondente ao IVE (21 %) o de 10.154,80 euros, o cal fai un total IVE de 58.511,00 €. desglosándose este importe para cada lote:

LOTE 1: Roupas de traballo/prendas de protección (EPI):

24.485,95 €, 5.142,057 € (IVE) total 29.628,00 €

LOTE 2: Uniformidade xeral:

23.870,25 €, 5.012,75 € (IVE) total 28.883,00 €

3,1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012

de 7 de abril.

O orzamento básico de licitación establece un importe máximo de 58.511,00 € euros (cincuenta e oito mil cincocentos once euros), sendo o importe correspondente ao IVE (21 %) o de 10.154,80 euros (dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta euros). Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 9200.221.04.00 VESTIARIO SERVIZOS MUNICIPAIS, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, de acordo coa aprobación plenaria do 28 de abril de 2014, da corrección de erros materiais e aritméticos da modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

4.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato.

De conformidade co establecido na memoria xustificativa do contrato no PCAP do contrato establécense os seguintes criterios (apartado 9 das FEC)

MATERIAS OBJETO DE NEGOCIACIÓN E CRITERIOS QUE HAN DE SERVIR DE BASE PARA A SÚA VALORACIÓN		Puntuación	
Criterios avaliados mediante xuízo de valor			
A funcionalidade, adaptabilidade e documentación técnica aportada coas mostras das prendas ou elementos ofertados	Funcionalidade da prenda para a execución dos traballos aos que está asignada	10	20
	A adaptabilidade das prendas ofertadas ás prendas que veña utilizando na actualidade a plantilla de persoal municipal	5	
	Valoración técnica sobre a presentación das mostras e definición técnica aportada de cada prenda ou elemento a subministrar	5	
Criterios avaliados mediante fórmula			
Redución do prezo		75	
Días de redución dos prazos parciais previstos no apartado 4.B desta FEC:	Redución do prazo parcial para o proceso de tallado do persoal vinculado ao suministro do vestiario (10 días naturais)	2,5	5
	Redución do prazo parcial de entrega das prendas (10 días naturais)	2,5	
TOTAL		100	

5- Revisión de prezos:

Non procede a revisión de prezos (apartado 3.K das FEC)

6.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de dous anos (apartado 13 das FEC)

7.- Esixencia de Clasificación:

Non (apartado 6 das FEC)

8.- Subcontratación:

Non se admite (17 das FEC)

9.- Prazo de execución e prorroga:

O prazo de execución é de 30 días naturais (apartado 4.a das FEC)

10.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

Non se fixan (apartado 6.c das FEC)

11.- Modificación do contrato:

Non se contempla (apartado 16 das FEC)

12.- Responsable do Contrato:

O indicado no apartado 1 C das FEC.

13- Seguro:

Non procede (apartado 15 das FEC)

14.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

Non procede (apartado 9.D das FEC)

15.- Melloras

Se contemplan as recollidas no apartado 10.a das FEC

III.- PROPOSTA:

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para financiación deste subministro, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria do subministro por lotes das prendas de vestuario para o persoal municipal do Concello de Vigo de diferentes servizos:

- LOTE 1: ROUPA DE TRABALLO / PRENDAS PROTECCIÓN (EPI)
- LOTE 2: UNIFORMIDADE XERAL.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe da Área de Servizos Xerais de data do 6 de decembro de 2016.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 16 de decembro de 2016.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de n importe máximo de 48.356,20 € euros, sendo o importe correspondente ao IVE (21 %) o de 10.154,80 euros, o cal fai un total IVE de 58.511,00 €. desglosándose este importe para cada lote:

- *LOTE 1: Roupa de traballo/prendas de protección (EPI):
24.485,95 €, 5.142,057 € (IVE) total 29.628,00 €*

- *LOTE 2: Uniformidade xeral:*

23.870,25 €, 5.012,75 € (IVE) total 28.883,00 €

O valor estimado do contrato estipúlase en 48.356,20 €

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida: 9200.221.04.00 VESTIARIO SERVICIOS MUNICIPAIS

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1369).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE (FASE I) 4016/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23/12/16 , asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan , por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 21 de decembro de 2016:

1. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.

2. COPCISA, S.A.
3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	96,25
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	93,95
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	93,33
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,30
5	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	91,97
6	EXCAVACIONES CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	91,71
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,62
8	NAROM, S.L.	91,39
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	89,40
10	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,33
11	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	87,78
12	EXCAV. Y CONSTRUC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	81,85
13	MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	68,23

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (*"cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente"*).

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 997,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(1370).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESTORNINO, ENTRE GREGORIO ESPIÑO E XÍLGARO. EXPTE.3968/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23/12/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de novembro de 2016, da empresa PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. *“pola inclusión de información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B”*, segundo consta no informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 7 de novembro de 2016.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte os informes asinados polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 21 de decembro de 2016:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.
6. HORDESCON, S.L.
7. PROYECON GALICIA, S.A.
8. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	84,47
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	83,15
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	82,03
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	81,97
5	CIVISGLOBAL, S.L.U.	81,78

6	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	80,62
7	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	79,82
8	NAROM, S.L.	79,44
9	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	79,35
10	ORESA, S.L.	78,88
11	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COPSESA	78,55
12	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	77,98
13	UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	77,25
14	COPCISA, S.A.	76,57
15	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	76,24
16	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	75,03
17	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S.L.	19,27

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resguardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (*"cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración"*).

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 651,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

9(1371).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVENIDA DE CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO. EXPTE. 3956/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23/12/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de outubro de 2016, das empresas CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. deste procedemento por ter declarado unha solvencia técnica e profesional insuficiente, ao abeiro do previsto na cláusula 8 e apartado 9 do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte os informes asinados polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 21 de decembro de 2016:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, S.L.U.
4. ELSAMEX, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. NAROM, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	94,75
2	COPCISA, S.A.	87,80
3	ORECO, S.A.	86,25
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	86,12
5	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	69,09
6	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	57,89
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	46,79
8	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	26,81

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resguardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“*cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sexa superior á media dos ofertados polos licitadores admitidos*”).

Quinto.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 875,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

10(1372).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE CANCELEIRO E SERAFÍN AVENDAÑO. EXPTE. 4015/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 20/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de decembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2016 polo que non se admitiu neste procedemento á empresa OGMIOS PROYECTO, SL, por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 14.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 5 de decembro de 2016:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L.
2. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
3. ORECO, S.A.
4. COPCISA, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.
7. MISTURAS, S.A.
8. EXTRACO, S.A.
9. ESPINA Y DELFIN, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	93,80
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	93,24
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	92,27
4	UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. E CONSTRUMAX DE CONTRATAS, S.L.	92,20
5	NAROM, S.L.	91,36
6	ELSAMEX, S.A.	90,85
7	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. E CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.	90,68
8	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	90,54
9	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – MARCONSA	88,85
10	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	88,34
11	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	86,32
12	UTE ACEVI, SL E MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	83,21
13	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. E ALVAC, S.A.	79,35

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*
- 5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (“cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sexa superior á media dos ofertados polos licitadores admitidos”) do 4,63 % do importe de adxudicación sen IVE (27.018,32 euros).*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 833,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 9 de decembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 15 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 19 de decembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 7 de novembro e do 5 de decembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 706.094,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 122.545,29 euros.*
- b) *O prazo de garantía increméntase en 160 meses, polo que o prazo total é de 172 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1373).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO (FASE I). EXPTE. 3970/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 21/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de decembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 5 de decembro de 2016:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ, S.L.
3. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.
6. COPCISA, S.A.
7. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.
8. HORDESCON, S.L.
9. PROYECON GALICIA, S.A.
10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
11. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
12. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	85,82
2	CIVISGLOBAL, S.L.U.	81,57
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	81,10
4	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	79,66
5	ORESA, S.L.	78,77
6	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	78,16
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78,08
8	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	77,66
9	UTE CONST. OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.	76,21
10	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COPSESA	75,25
11	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	74,29
12	UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	72,58
13	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	70,10

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
14	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	67,90
15	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S.L.	20,68

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*
- 5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (“cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.”) do 5 % do importe de adxudicación sen IVE.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 623,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 9 de decembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 16 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 19 de decembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 25 de outubro e do 5 de decembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 921.250,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 159.886,36 euros.*
- b) O prazo de garantía increméntase en 72 meses, polo que o prazo total é de 84 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1374).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE CANCELEIRO E SERAFÍN AVENDAÑO”. EXPTE. 3343/443.

Dáse conta do informe-proposta do 22/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 12.09.2016, acordou «Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “Humanización da Rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño”».

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 09.12.2016, acordou aprobar a Clasificación de Ofertas proposta pola Mesa de Contratación, que con data 09/12/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación: «Adxudicar a CIVIS GLOBAL, SLU., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da Rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño” (4015/440)».

III.- Unha vez aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, unha vez aprobada pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de data 09/12/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da Rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño” (4015/440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Humanización da Rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño”

(4015/440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro de Obras Públicas, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade, a autorización para a emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato, e demais actos de execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de “Humanización da Rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño” (4015/440) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1375).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO. FASE I”. EXPTE. 3344/443.

Dáse conta do informe-proposta do 22/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 05.08.2016, acordou «Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do Proxecto “Humanización Rúa Álvaro Cunqueiro. Fase I”».

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 09.12.2016, acordou aprobar a Clasificación de Ofertas proposta pola Mesa de Contratación, que con data 09/12/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación:

«Adxudicar a ORECO, SA., o procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro. Fase I" (3970/440)».

III.- Unha vez aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, unha vez aprobada pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de data 09/12/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro. Fase I" (3970/440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro. Fase I” (3970/440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro da Edificación, D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ.

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade, a autorización para a emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato, e demais actos de execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de “Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro. Fase I” (3970/440) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1376).- INFORME PROPOSTA PARA RECTIFICACIÓN DE ERRO NA IMPUTACIÓN CONTABLE DO CONTRATO MAIOR DE OBRAS “REFORMA DE GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”. EXPTE. 4051/440.

Dáse conta do informe-proposta do 22/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, polo interventor xeral e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 04.10.2016, acordou “Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do Proxecto “Reforma da Grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos”.

II.- A Xunta de Goberno Local en data 05.12.2016 acordou «Adxudicar a SA. DE OBRAS Y SERVICIOS, (COPASA), o procedemento aberto para a contratación das obras de "Reforma da Grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos por un importe de 5.529.700 €.

III.- Coa proposta de licitación realizáronse as seguintes operacións contable, polo importe da licitación:

2016: 2.900.000 euros (documento contable "A" de 2.100.000 -superávit- e 800.000 -remanentes-

2017: 3.877.293,55 euros (documento contable "A FUT" polo citado importe)

IV.- Unha vez adxudicado realizáronse as seguintes imputacións do prezo do contrato por anualidades:

2016- 2.900.000 euros

2017- 2.629.700 euros

V.- A elaboración dos documentos contables teñen un erro en canto á imputación contable. A mesma debe realizarse no seguinte senso:

2016- 4.314.971,12 (AD de 2.216.471,12 de remanentes e 2.098.500,00€ de superávit)

ANO 2017: 1.214.728,88 (AD con cargo ao 2017)

VI.- Competencia.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCS).

Polo tanto, en execución do contrato de obras de reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos propónse á Xunta de Goberno Local, previa conformidade do Responsable Contable e da Intervención Xeral,

"A rectificación dos documentos contables no contrato de obras de reforma da gradas de Río do Estadio Municipal de Balaídos no seguinte senso:

ANO 2016: 4.314.971,12 (AD de 2.216.471,12 de remanentes e 2.098.500,00€ de superávit)

ANO 2017: 1.214.728,88 (AD con cargo ao 2017)"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1377).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 28963/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

A Xefa do Servizo de Benestar Social, coa conformidade do Xefe da Área e da Concelleira-Delegada da área de Política Social, a través de escrito de data 11/08/2016, reitera a necesidade de dotar ao Servizo dos medios humanos necesarios que garantan a prestación do servizo, e procedendo, entre outros, a ampliación de novos efectivos que se relacionan:

c) Para os Servizos Sociais Comunitarios Básicos :

- **6 Traballadoras Sociais de apoio para as Unidades de Traballo Social, aos efectos de poñer ao día as tramitacións de prestacións, actualmente cun atraso medio de tres meses.**
- *4-Auxiliares Administrativos, xa que logo os catro contratados remataron a súa relación laboral o 15 de setembro pasado, e son necesarios para atención ao público e manter a tramitación administrativa ao día.*

En resposta a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 22 de novembro de 2016 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de catro diplomados/as en traballo social por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude da súa Xefa do Servizo que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 11 de agosto de 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 19/12/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo social), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de

2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Benestar Social que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 11 de agosto de 2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 22/11/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catro diplomados/as en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de 74.674,71€, (dos que 3.111,45 corresponden ao presente exercicio 2016 e, 71.563,26€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 24.213,80€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 81-Diplomado/a en traballo social), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, ao estar esgotada a lista de substitucións derivada da execución da oferta de emprego correspondente ao ano 2008, e necesario recorrer á nova lista resultante da Bolsa de Emprego de Diplomados/as en Traballo Social formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015. De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e

Planificación de data 19/12/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como diplomadas en traballo social das aspirantes núms. 11-D^a. PATRICIA FERNÁNDEZ CAMBRA, DNI 77.005.279-Z, 16-D^a. ANA BELEN FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI 36.112.100-F, 17-D^a. ADRIANA VIEITES FREIRE, DNI 45.870.228-V e, 19- D^a. ESTEFANIA SESTELO FANDIÑO, DNI 35.585.341-V, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Nas bases da referida Bolsa de Emprego, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2015, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade o mesmo artigo do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), e normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos".

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Diplomados/as en Trabajo Social**, subgrupo A2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contida no escrito do 13/08/16, en consecuencia, autorizar o gasto por **74.674,71€**, (dos que **3.111,45€** corresponden ao presente exercicio **2016** e, **71.563,26€** ao vindeiro exercicio **2017**), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como **Diplomadas en traballo social**, por un período máximo de seis meses, á **D^a. PATRICIA FERNÁNDEZ CAMBRA, DNI 77.005.279-Z, D^a. ANA BELEN FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI 36.112.100-F, D^a. ADRIANA VIEITES FREIRE, DNI 45.870.228-V e, D^a. ESTEFANIA SESTELO FANDIÑO, DNI 35.585.341-V**, na súa condición de aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última bolsa de emprego autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 16/01/2015 e, no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a Trabajo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, ao Xefe do Servizo de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1378).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DUNHA ENXEÑEIRA TÉCNICA INDUSTRIAL CON CARGO Á PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2010-2011 2ª FASE. EXPTE. 29119/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011 2ª fase, na súa sesión de 18 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da seguinte aspirante seleccionada, que superou todas as probas do proceso selectivo:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ RAMÍREZ	SUSANA	36101427Y	23,000

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En execución do anterior e, de conformidade co previsto no art. 127.1 g) e h), da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, o funcionario que subscribe, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo a praza vacante de enxeñeiro/a técnico/a industrial pola quenda libre, á seguinte aspirante proposta polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e que obtivo a seguinte puntuación:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ RAMÍREZ	SUSANA	36101427Y	23,000

De conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como

funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese aos/as interesados/as, Intervención Xeral, Área de Recursos Humanos e Formación (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e Xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1379).- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO TÉCNICOS, PREVISTOS NO ART. 10.1 DO TR ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO. EXPTE. 29122/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 11/03/2016 acordou a aprobación dunha proposta de actuación e aprobación de programa para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos ámbitos materiais de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría (expte. 27064/220). O referido acordo autoriza o nomeamento por execución de programa temporal de dous/dúas efectivos con perfís de programación web e de aplicacións en JAVA con coñecementos de GIS, así coma de dous/dúas auxiliares administrativos/as e un/ha técnico/a de xestión.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 13/05/2016, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 03 de xuño seguinte, aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as de Informática, Subgrupo C1 de Titulación e, como Técnicos/as de Xestión, Subgrupo A2 de titulación, expte. 27846/220, bases que foron publicadas no BOP de data 15 de xullo de 2016.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 04/11/2016, formulou a correspondente proposta do único aspirante apto para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1	VILA RODRÍGUEZ	RAUL	53183361R	14,00

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a de Xestión, e que inclúe ao único aspirante en condicións de ser nomeado funcionario interino prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnico de Xestión segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 04/11/2016, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1	VILA RODRÍGUEZ	RAUL	53183361R	14,00

Segundo.- Dispoñer que a referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1380).- REVISIÓN TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS (VITRASA), PARA O ANO 2017. EXPTE.1301/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/12/16, dáse conta do informe-proposta do 20/12/16, da xefa do servizo de Transportes, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“TARIFAS SOLICITADAS

D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da entidade mercantil “Viguesa de Transportes , S.L.” (Vitrasa), na data 31 de outubro de 2016 presenta expediente de revisión da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2017, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexeu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

As tarifas de aplicación solicitadas para o ano 2017 son as seguintes:

*** billete ordinario 1,33 €/viaxeiro

*** prezo coche/que 5,3159 €/qm

TARIFAS VIXENTES

A ultima tarifa aprobada por Resolución da Ilma. Sra Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia na data 10 de febreiro de 2016 e a seguinte:

billete ordinario..... 1 . 32 €

En canto o coche/qm.a ultima tarifa foi fixada polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2015 :

prezo coche/qm..... 5, 0667 €

INFORME DO SERVIZO

Examinada a documentación aportada pola empresa solicitante informase o seguinte :

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, presenta expediente de revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudio económico xustificativo das tarifas que se aplicarían no ano 2017

Os prezos que propón aplicar (incluído IVE do 10 %) son os seguintes:

Billete ordinario	1,33 €
Prezo coche/ Qm.	5,3159 €

De conformidade co Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión e coa oferta adxudicataria a tarifa ten a seguinte estrutura:

- Custo unitario
- Repercusión material móbil
- Repercusión terreos e instalacións
- Ingresos por publicidade (a deducir)

CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión K_t , que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións o valor do custo unitario da adxudicación.

Os valores de orixe e os coeficientes da fórmula polinómica figuran na oferta.

Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

Ht polo Convenio Provincial

Ct polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección Xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía..

IPCt polo certificado do I.N.E.

A) Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 24.562,40 €.

De conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión o valor da man de obra revisárase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de condutor, supoñendo constante o número de horas traballadas, tendo en conta os custes da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

Na revisión tarifaría do ano 1997 interpretouse como transformada a plantilla ofertada a 268 traballadores pola aplicación de horas estruturais e como consecuencia da diminución do absentismo; a plantilla media anual son 323 traballadores, de conformidade coa certificación do director de recursos humanos e o persoal de limpeza cúbrese mediante contrato con unha empresa, (segundo certificación aportada pola empresa concesionaria) Comoqueira que o Convenio Provincial non foi revisado e correcta a cantidade proposta e que e a mesma que na revisión anterior.

B) Factor combustible .

En xuño do ano 96 desapareceu o concepto de prezo máximo autorizado do gasóleo A, que se fixaba por Orden do Ministerio de Industria e Enerxía, e que de conformidade co disposto no prego de condicións era o índice a considerar para a revisión do factor combustible, polo que ata a data acordouse o prezo a aplicar de común acordo entre o Concello e a empresa concesionaria.

Dende a revisión correspondente ao ano 2002 e de común acordo coa empresa concesionaria vense utilizando a referencia o mes de xuño do ano 1996, ano da última publicación no B.O.E. do prezo máximo autorizado do gasóleo, relacionando o citado prezo co prezo medio nas gasolineras, do que se obtén un índice corrector:

Prezo medio de gasolinera xuño 1996 87,70 ptas

Índice aplicable 1,033

Prezo máximo autorizado B.O.E. xuño 1996 90,60 ptas

E o citado índice aplícase á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro a agosto do último ano, publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

A empresa concesionaria no expediente de revisión presentado aplica a formula utilizada polos servizos técnicos municipais durante as ultimas revisións .

Media do prezos medios de gasóleo A dende setembro 2015 a agosto de 2016 :

101,0567 €/l

O factor combustible sería = $101,0567 \times 1,0331 = 1,044$ €/l

C) Factor I.P.C

A empresa VITRASA acepta na presente revisión o criterio que se aplica nos últimos anos de conformidade cos datos recabados de Intervención Municipal consistente en considerar a variación de prezos dende xuño de 1994 ata o ultimo agosto (2016,)e onde xa se recollen os cambios de base e que é un 69,6 %

$KT = 0.6295 \frac{24.562,40}{11.482,04} + 0.1196 \frac{1,044}{0.509} (0.0296 + 0.1613) 1,696 + 0,06$

$KT = 1,3467 + 0,2453 + 0,3238 + 0,06 = 1,9757$

Co que o prezo unitario billete ordinario $0.4928 \times 1,9757 = 0,9736$

custo unitario coche / quilómetro $1.9884 \times 1,9757 = 3,9285$

Nº DE VIAXEIROS

A empresa concesionaria propón como previsibles para a próximo ano, 19.733.000 viaxeiros de acordo co apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009 segundo o cal se fixa como nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría que serían 19.641.514, polo que pode aceptarse

Nº DE QUILOMETROS

Comoqueira que ante a reclamación presentada pola empresa concesionaria na data 4 de novembro de 2013 adoptouse Acordo na Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2014 no que se evalúa a situación económica da concesión analizando os viaxeiros reais , numero de quilómetros reais e transbordos, considerase que na presente revisión tarifaría e como xa se fixo na anterior revisión, debe utilizarse como denominador no calculo da repercusión da amortización do material móbil, terreos e instalacións e publicidade , o numero real de quilómetros rodados , que no ano 2015 foron 6.612.167. quilómetros e non os propostos pola empresa 5.142.623 quilómetros .

REPERCUSIÓN MATERIAL MÓBIL E INSTALACIONES

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

A cota de amortización correspondente ó ano 2017 será segundo o cadro de amortización presentado pola empresa concesionaria 2.665.859,15 €

No ano 2017 de conformidade co Plan de Renovación de flota corresponde incorporar 12 novos vehículos, 10 vehículos de 12 metros e 2 vehículos de 18 metros que se incorporarán no mes de marzo e cuio importe total e de 3.160.776 € , no obstante se computaran 2.633.980 € a efectos do calculo da amortización cantidade correspondente aos 10 meses de uso dos vehículos .

Asimesmo a empresa concesionaria solicita a incorporación durante o ano 2017 de 12 novos vehículos que de conformidade co Plan de renovación de flota deberían renovarse en febreiro do ano 2019 :10 vehículos de 12 metros e 2 vehículos de 18 metros, que para a mellora do servizo incorporaranse no ano 2017 , cuio importe total e de 2.932.533,16 €; non obstante computaranse aos efectos de amortización 8 meses de uso xa que se incorporarán no mes de maio do próximo ano.

Xustificase a necesidade de adiantar a incorporación destes novos vehículos polo esforzo que supuxo para a flota a posta en funcionamento do servizo ao novo hospital Alvaro Cunqueiro e en tanto non se incorporaron a flota os novos vehículos adquiridos para este servizo, os mantementos extraordinarios que necesitan os vehículos Iveco adquiridos no ano 2008 por problemas de fabricación ; e o incremento das frecuencias , que demandan cada dia mais flota e que dificultan a realización dun mantemento adecuado por non dispoñer de vehículos de reserva cos prexucios que poidan derivarse deste problema: a incorporación destes vehículos permitira unha maior dispoñibilidade de vehículos que redundara unha mellor calidade do servizo e unha redución da idade media da flota .

A vista desta proposta formulada pola empresa concesionaria procedese ao análise do contido do Prego de condicións que rexe a concesión

E en concreto o disposto no epígrafe 23 “DOS VEHICULOS DE TRANSPORTE” E NO ANEXO “ CONTIDO DA MEMORIA TÉCNICA DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO DE VIAXEIROS DE VIGO”

Na cláusula **23,12** di , “ co fin de garantir un mantemento constante na calidade da prestación do servizo, o concesionario comprometese a unha renovación continua do parque de vehículos , que permita mante-la idade media do citado parque o longo de todo lo período de vixencia do contrato , para o que se estipula o seguinte :

a) manterase durante toda a vixencia do contrato a idade media do parque de vehículos en sete anos como máximo

b) deberan ser retirados en calquera momento , durante a vixencia do contrato os vehículos de doce anos de vida , debendo substituíse por outros novos .”

De conformidade co disposto na cláusula 3.1.6 Condicións Xerais do Anexo “ Contido da memoria técnica do servizo de transporte colectivo de viaxeiros de Vigo “ do Prego de condicións económico-administrativas e prescricións técnicas que han de rexer no concurso para a concesión do servizo publico regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral , os vehículos afectos a concesión terán unha vida máxima de 12 anos , sen que a vida media deles supere os 7 anos.”

Na cláusula **23.5** di: “ O Concello poderá ordenar ó concesionario a incorporación de vehículos de reserva , cando de forma fidedigna se demostre que o seu numero resulta insuficiente para atender as necesidades reais do servizo

Así mesmo establececese como criterio xeral que durante o período concesional , por cada 50.000 quilómetros adicionais ao mínimo establecido no Prego , deberá incorporarse un novo vehículo.

Asimesmo no artigo **23.3** establececese que “como criterio xeral, o concesionario manterá continuamente, durante a vixencia do contrato , un numero mínimo de vehículos equivalente ao dez por cento do total dos previstos en activo , en dia laboral medio, en concepto de vehículo de reserva “

23,4 “ para o computo do numero de vehículos de reserva redondearase por exceso da unidade , o cociente que resulte da aplica-la citada porcentaxe sobre o numero de vehículos en activo existentes en cada momento “

No Acordo Plenario de data 16 de setembro de 1994 polo que se adjudica a empresa Viguesa de Transportes S.A. a concesión do servizo publico regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús dentro dos limites xurisdiccional do Concello de Vigo cos seguintes valores ofertados :

número de vehículos: 116

número de quilómetros ofertados :5.142.623

O numero de vehículos adscrito na actualidade a concesión e de 123 vehículos

O numero de quilómetros realizados durante o ano 2015 foron 6.612.167 en servizo regular que representan un incremento de 1.469.544 quilómetros a maiores dos ofertados inicialmente .

Considerando todolo exposto, a solicitude formulada pola empresa concesionaria para anticipar a renovación de 12 vehículos pode ser aceptada por axustarse ao disposto no Prego de condicións que rexe a concesión que permite incrementar os vehículos cando as necesidades derivadas do incremento de quilómetros así o demanden, o que redundara en beneficio do servizo ..

A idade media dos vehículos afectos a concesión no mes de febreiro de 2017 será de 6,65 , e unha vez incorporados os novos vehículos no mes de decembro será de 5,99.

Considerando estes parámetros:

A cota de amortización que corresponde ao ano 2017 e de 2.665.859,15 €.

A cantidade pendente de amortizar e polo tanto o importe dos gastos financeiros sería:

---- Inversión concesión :	50.447.380,89 €
---- Cantidade xa amortizada :	30.364.772,87 €
---- Cantidade pendente de amortizar	20.082.608,02 € (19.802.686,08+279.921,94)

Os gastos financeiros ascenderán a :

Inversión pendente de amortizar	19.802.686,08x0,08=1.584,214,88€
+279.921,94x0,06=16.795,31e total	1.601.010,19 €

Como consecuencia a cantidade correspondente a amortización e mais os gastos financeiros ascende a 4.266.869,34 €

Repercusión por viaxeiro e qm

€/viaxeiro	$\frac{4.266.869,34}{19.733.000} = 0,2162 \text{ €}$
€/quilómetro	$\frac{4.266.869,34}{6.612.167} = 0,6453 \text{ €}$

REPERCUSION TERREOS

A repercusión correspondente a terreos e instalacións de acordo co cadro de amortización lineal é de 597.707,14 €.

Repercusión por viaxeiro e qm.

€/viaxeiro	$\frac{597.707,14}{19.733.000} = 0,0303\text{€/viaxeiro}$
€/quilómetro	$\frac{597.707,14}{6.612.167} = 0,0904 \text{ €/ quilómetro}$

PUBLICIDADE

É un concepto a deducir do custe.

A concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 214.917,24 aportando certificados expedidos polas empresas contratistas .

O que supón unha dedución de $\frac{214.917,24}{214.917,24} = 0,0109 \text{ €/viaxeiro}$

19.733.000
214.917,24 =. 0,0325 €/quilometro
6.612.167.

De conformidade cos valores obtidos :

PREZO BILLETE ORDINARIO

Custo unitario	0,9737
Repercusión material móbil	0,2162
Repercusión terreos e instalacións.	0,0303
Publicidade	<u>- 0,0109</u>
Total	1,2093
I.V.A.	<u>0,1209</u>
	1,3302 € redondeo 1,33 €

PREZO COCHE /KILOMETRO

Custo unitario	3,9285
Repercusión material móbil	0,6453
Repercusión terreos e instalacións	0,0904
Publicidade.	<u>0,0325</u>
Total	4,6317
I.V.A .	<u>0,4631</u>
	5,0948€

PREZO DAS DISTINTAS TARIFAS REDUCIDAS

Tendo en conta que se producirá un incremento de tarifa correspondente ó billete ordinario (0,01€), apréciase a necesidade de revisar os prezos correspondentes ás distintas tarifas reducidas na mesma cantidade (0,01 €) con obxecto de que o cargo para o Orzamento municipal se manteña constante, incrementándose exclusivamente nas contías correspondentes aos viaxes dos pensionistas que se calculan o redor de 47.000 € anuais cantidade que se obtén de multiplicar o numero de viaxes anuais realizados polos pensionistas I e II (4.700.000) por o incremento do prezo da tarifa (0,01€) o que suporía un importe anual de 47.000 €

INFORMACIÓN ECONOMICA

De conformidade co disposto no artigo 62 de prego de condicións que rexe a concesión o concesionario estará obrigado a presentar anualmente unha auditoría de empresa , efectuada pola empresa auditora elixida polo Concello entre unha terna de recoñecida solvencia presentada polo concesionario e con estrita suxeición a lei de auditorías

LEXISLACIÓN APLICABLE

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, formulase a seguinte proposta a Xunta de Goberno Local previo informe favorable da Intervención Municipal :

PROPOSTA:

1) Aprobar as tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa "VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L." para o ano 2017 sendo os prezos a aplicar co IVE incluído, de conformidade cos informes obrantes neste expediente os seguintes :

- * prezo billete..... 1,33 €
- * prezo coche/qm..... .5,0948 €

2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

3) Fixar os prezos dos bonos para o ano 2017, nas seguintes contías :

bono bus normal	0,87
bono bus estudante	0,84
bono bus pensionista I	gratuíto
bono bus pensionista II	gratuíto
bono bus universitario	0,6650
bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	gratuíto
bono social	0,67

4) Autorizar o incremento do gasto anticipado derivado da gratuidade dos bonos de pensionistas que se estima en 47.000 € , con cargo ao Orzamento municipal correspondente ao ano 2017."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.